



**NARÓN**

**Datos Do Expediente:**

PROCEDEMENTO NEGOCIADO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas - IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/59/2014	CONYI00N
5E5R1L4B41723Q2X0ND0	

Reunidos na sala da Casa do Concello, o día 29 de setembro de 2014, ás doce horas e quince minutos, constitúese a mesa de contratación para a selección dos contratistas que participarán na adxudicación do contrato do servizo de "Escola Infantil Municipal de 0-3 anos en Xuvia" formada por D. José M. Blanco Suárez, que actuará como presidente, D. Alfonso de Prado Fernandez-Canteli (Secretario da Corporación), D. Manuel G. Antón Villamil (Interventor da Corporación), Dna. Yolanda Martínez García, (Xefa do Servizo Sociocomunitario) Dna. M. Carmen Espada Cortizas (Concelleira delegada de Ensino), que actuarán como vogais, e, por último, D. Ignacio Mazaira Garro (Xefe Sección Contratación), que actuará como secretario da mesa.

Despois de constituír a mesa, o presidente acorda proceder a examinar formalmente as solicitudes de participación e a documentación administrativa presentada.

Abertas as solicitudes de participación pola presidencia e dando lectura da documentación presentada o secretario dá fe da relación de documentos que figuran.

Unha vez rematado o proceso de debate sobre a documentación presentada, a Mesa estimou:

No sobre presentado pola empresa Garabatos S.C., a parte da documentación correspondente a capacidade e solvencia do contratista, única documentación esixida, inclúe documentación técnica e oferta económica.

Tendo en conta tanto o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, como na cláusula 8.1 do prego de condicións que rexe este contrato, nos que se establece o contido das solicitudes de participación e a cláusula 13.1 na que se describe a documentación a entregar na fase de presentación de ofertas e considerando os informes emitidos pola Xunta Consultiva de Contratación e a doutrina emitida polos tribunais de recursos contractuais tanto central como autonómicos, a Mesa considera que esta oferta debe ser rexeitada, ao supoñer unha vulneración dos principios básicos de non discriminación e igualdade de trato, principios que inspiran a normativa contractual das entidades públicas.

En relación coa solicitude formulada pola empresa Aurora, Pilar e Ana S.L, estimase que a cláusula 8.7 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe este contrato, é claro cando esixe unha declaración responsable de pertencer ou non a un grupo empresarial, declaración non presentada por esta mercantil. Considera a Mesa que este é un erro emendable e polo tanto en concorrencia co establecido na cláusula 10 do prego de cláusulas, deberíase proceder a comunicalo ao interesado concedéndolle un prazo de 24 horas para a súa corrección.

Considerando que as demais solicitudes presentadas cumpren cos requisitos esixidos polos pregos de cláusulas administrativas particulares, a Mesa de contratación acorda propoñer ao órgano de contratación os seguintes acordos:

**PRIMEIRO.** Seleccionar os candidatos:

1. Eulen S.A..
2. Ana Naya García S.L., deberase advertir a esta empresa que o carácter confidencial da documentación e da información facilitada se ten que determinar de forma expresa e xustificada, non é admisible unha declaración xenérica, xa que de aceptarse así poderíanse vulnerar os principios de publicidade e transparencia.

**SEGUNDO.** Excluir os seguintes solicitantes:

1. Aurora, Pilar e Ana S.L., ao non presentar declaración de non participar en ningún grupo empresarial Cláusula 8.1.7 do prego de condicións.



## NARÓN

2. Garabatos S.C. Ao presentar documentación correspondente a unha segunda fase no sobre de solicitude de participación no proceso licitatorio, rompendo así os principios básicos da contratación igualdade de trato .

**TERCEIRO.** Comunicar a empresa Aurora, Pilar e Ana S.L., que no prazo de 24 horas, proceda a entrega da declaración responsable sobre a súa pertencencia ou non a grupo empresarial.

**CUARTO.** Invitar os candidatos seleccionados a presentar as súas proposicións así como o resto de documentación administrativa no prazo de cinco días. Unha vez transcorrido este prazo convocarase de novo a mesa de contratación, no día e hora sinalados no Perfil do Contratante, para proceder a apertura das mesmas.

O presidente dá por rematada a reunión ás doce horas e corenta e cinco minutos, para que quede constancia do tratado, eu, o secretario, redacto a acta, que asino xunto co presidente, dou fe.

Narón, 29 de setembro de 2014

O Presidente

José M. Blanco Suárez

O Secretario

Ignacio Mazaira Garro